



RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se publica a lista definitiva para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan conxunto de xestión da zona VI do recurso específico ourizo, modalidade de mergullo con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía aprobado para o ano 2019.

- **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018), aproba o plan conxunto de xestión para o recurso específico ourizo, modalidade de mergullo con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía, que inclúe o incremento de cinco (5) habilitacións para mergulladores entre as embarcacións participantes no plan de xestión.

2. A resolución do 15 de outubro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña inicia o proceso selectivo para a elaboración da lista provisional de embarcacións incluídas no plan de xestión.

3. A resolución do 15 de novembro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña publica a lista provisional das embarcacións admitidas ao proceso selectivo e establece un prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións ante o Xefe Territorial.

- **Consideracións legais e técnicas.**

A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39-46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Facer publica a lista definitiva das embarcacións solicitantes incluídas no plan de xestión de ourizo das confrarías de pescadores de Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía da zona VI, do ano 2019.





Para a asignación final da cota os armadores das embarcacións integrantes da lista:

- Marcos R. Piñeiro Sánchez (DNI:46.902.538 H) da embarcación Ana (CO-4-1803)
 - Antonio Carril Canosa (DNI:46.913.454D) da embarcación Cabo Veo (CO-4-3-06)
 - Jose M. Brión Martínez (DNI:32.795.091N) da embarcación Iago X (CO-4-1-07)
 - Francisco J. Lobelos Suárez (DNI:46.902.944X) e Jesús J. Pérez Domínguez (DNI:47.368.640W) da embarcación Sirena del Mar (CO-4-1722)
 - Manuel Martelo Souto (DNI:52.430.872A) da embarcación Xibarte (CO-3-1-13),
- disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, para presentar a seguinte documentación:

a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.

b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do mar.

c) Pago das taxas correspondentes para a expedición do novo permiso de explotación.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desisten da súa solicitude.

As persoas armadoras que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluído da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das confrarías de pescadores de Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas e Muxía.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A Coruña, 23 de decembro de 2019

O xefe territorial

Por delegación de funcións por Resolución de 6 de novembro de 2019)
(artigo 5.5 Orde do 8 de setembro de 2017, DOG núm 180 do 21/09/2017)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños

Mª José Cancelo Baquero

